

ORGANIZA:

**CONCELLARÍA DE CULTURA
E
OMIX DE ARES**



COLABORAN:

- CPI AS MIRANDAS
- IES MUGARDOS
- CENTRO DE ENSEÑANZA
COLEGIO LOYOLA-MUGARDOS

INFORMACIÓN NO TLF: 981. 448 .057

IV CONCURSO DE RELATO CURTO CONCELLO DE ARES



“IV CONCURSO DE RELATO CURTO CONCELLO DE ARES”

- O concurso está dirixido a todos/as aqueles/as nenos/as matriculados en 1º, 2º, 3º, e 4º da E.S.O.
- As obras que se presenten a este Certame de Relato Curto, na súa modalidade de Conto Literario, terán que ser escritas en lingua galega.
- O tema é libre. Cada autor/a poderá participar cunha soa obra. Os orixinais deben ser inéditos e que non foran anteriormente premiados en ningún outro certame.
- As narracións terán unha extensión máxima de oito folios, escritos a ordenador, a dobre espazo e por unha soa cara, con letra Arial 12. **Se non se respecta este formato, os relatos quedarán excluídos do concurso.**
- Os relatos non poden ir grampados, entregaranse soltos ou con clip.
- Deberán ademais incluír unha portada relacionada coa temática da obra.
- Establécense dúas categorías:

1º e 2º da ESO : 1º e 2º premio .

3º e 4º da ESO: 1º e 2º premio .

Ademais van ser publicados os relatos agasallados na web do Concello e otorgaráselle un diploma acreditativo a todos os participantes.

- Os premios do Certame poderán declararse desertos. O resultado do Xurado será inapelable.
- As obras poderanse presentar asinadas con lema ou pseudónimo que figurará tamén nun sobre pechado có título da obra. No interior do sobre farase constar a identidade do autor, teléfono, enderezo actual, correo electrónico e fotocopia do DNI.
- Os orixinais enviaranse á Biblioteca Municipal de Ares, sita en R/ María, Nº 11, dende **o mércores 5 de abril ata o Venres 28 de abril,** e en horario:

MAÑÁ: 09:00-14:00h

TARDE: 16:30-19:30h

- O acto de entrega dos premios realizarase no salón de actos da Biblioteca Municipal de Ares, **o martes, día 16 de maio de 2017, ás 19:00 horas.**
- Os orixinais non premiados poderanse recoller na Biblioteca Municipal no mes seguinte á entrega dos premios. Pasado este tempo, serán destruídos.
- O Concello de Ares resérvase o dereito de publicar a obra gañadora nesta e en sucesivas edicións do Certame.
- A participación no Certame supón a total aceptación destas bases e a Concellaría de Cultura resérvase o dereito de resolver calquera continxencia non prevista nas mesmas.